

Acta de Consello Escolar

Acta do claustro ordinario celebrado o 29 de xuño de 2023, ás 10:00 horas, na biblioteca do instituto, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Proxecto de dirección.
3. Presentación das novas integrantes do equipo directivo.
4. Informe económico. gastos e estado de contas.
5. Obras previstas para o verán.
6. Aprobación do PLAMBE.
7. Informe de xefatura: resumo dos resultados académicos.
8. Informe de vicedirección: actividades extraescolares e complementarias.
9. Rogos e preguntas.

Preside a sesión o director, Victor Rodríguez Romero.

Sométese a aprobación a acta da reunión do Consello Escolar do 27 de abril de 2023, que, sen ningún voto en contra e unha abstención, queda aprobada por maioría. Tamén quedan aprobadas por maioría, sen nengún voto en contra e sendas abstencións, as respectivas actas das reunións do 18 de maio de 2023 e do 1 de xuño de 2023.

Toma a palabra o director para agradecer a implicación e vontade de mellora dos membros do consello e a axuda que supón para o equipo directivo. Anuncia que xa está formada a ANPA renovada despois de que os membros anteriores teñan deixado o centro porque os seus fillos remataron os estudos.

O director lembra que foi aprobado o Proxecto de dirección, e que este é un documento vivo e aberto a todas as suxerencias de mellora e propostas por parte dos membros da comunidade escolar, polo que queda a disposición de todos eles para a súa consulta, tanto on line coma física.

A continuación, preséntanse as novas membros do equipo directivo: Ana Rodríguez Area toma a Vicedirección e Beatriz Gonzalez de Paz a Secretaría. Agradece o traballo e o espírito de equipo das membros saíntes, Carme Rodríguez Roa e Felisa Tomé Ortega, e a actitude receptiva das persoas entrantes, que presenta coma grandes traballadoras, implicadas na práctica docente, boas compañeiras e fonte de inspiración e axuda.

A continuación, toma a palabra a secretaria saínte, Felisa Tomé, para presentar o informe de gastos e estado de contas do instituto, dacordo cos datos expostos nas seguintes táboas:

| Gastos na conta bancaria | | | |
|---------------------------------------|-----------------|------------------------------------|-----------------|
| Subministracións | | Actividades complementarias | |
| Electricidade | 8903,71 | Excursións e saídas | 3249,76 |
| Gasóleo | 7686,42 | Charlas | 1092,59 |
| Agua | 462,75 | | 4342,35 |
| Limpeza | 1822,08 | Outros gastos | |
| | 18874,96 | Dietas | 2246,87 |
| Comunicacións | | Gastos varios | 504,48 |
| | 280,8 | Cafeteria | 412 |
| Mantenemento | | Eventos | 2061,84 |
| Reparacións | 9599,63 | | 5225,19 |
| Xardín | 2904 | Libros | |
| Fotocopiadoras e equipos informáticos | 2668,74 | Biblioteca | 623,34 |
| | 15172,37 | PLAMB | 993,95 |
| Impostos e SS | | Club de lectura | 841,9 |
| | 255,92 | | 2459,19 |
| Transporte alumnado | | | |
| | 1704,81 | Software | |
| Materiales para actividades | | | 226,99 |
| | 4200,91 | | |
| Funxible xeral | | | |
| | 1915,48 | TOTAL | 54658,97 |

| Ingresos conta bancaria | | | |
|--------------------------------|-----------------|----------------|-----------------|
| Consellería | | Propios | |
| Club de lectura | 1000 | Fotocopias | 180 |
| CPInclúe | 44,91 | Excursións | 355 |
| UE | 4435 | Fotocopias | 256,6 |
| 70% Orzamento | 35133 | Excursións | 2370 |
| | | Matrículas | 955 |
| | | Outros | 667 |
| TOTAL | 40857,12 | TOTAL | 4783,6 |
| | | | |
| | TOTAL | | 45640,72 |

| Balance | |
|----------------|-----------------|
| Remanente 2022 | 66236,78 |
| Ingresos | 45640,72 |
| TOTAL | 111877,5 |
| Gastos | 54658,97 |
| TOTAL | 57218,53 |

| Ingresos Caixa de efectivo | |
|-----------------------------------|----------------|
| Remanente | 216,66 |
| Fotocopias | 138,26 |
| Excursións | 868,7 |
| | 1223,62 |
| | -180 |
| | 1063,62 |
| | |
| Gastos caixa de efectivo | |
| Correos | 14,14 |
| Chaves | 1,6 |
| Varios | 32 |
| papelaría | 26,4 |
| | 74,14 |
| | |
| Efectivo: 989,48 | |

Anuncia as obras previstas para o verán: cambiar a tornillería da cuberta do auditorio, reparar as escaleiras do ximnasio, cubrir a parte do muro que deixou ao descuberto o derrubo da marquesina para evitar filtracións de humidade e, de ser posible, o pintado das aulas situadas soto.

Joel Covelo Gallego pregunta se non se vai cubrir o espazo da antiga marquesina. O director responde que é necesario dispor dun espazo cuberto á entrada do instituto, pero que o emprazamento pode ser diferente. A Consellería está comprometida a facer esta obra, pero pode demorarse, polo que sería interesante que o alumnado aportase ideas sobre como e donde podería situarse este espazo, para posteriormente presentar as propostas á Administración.

A continuación, a secretaria informa de que a profesora responsable da biblioteca, María Teresa Blanco Suarez, vai solicitar de novo a participación no PLAMBE, polo que pide a aprobación formal do Consello Escolar. Sométese a votación e a proposta queda aprobada por unanimidade.

A continuación, toma a palabra a xefa de estudos, M^a Concepción Pérez García, para comentar os resultados da terceira avaliación, según os datos expostos nas seguintes táboas:

| | | | | | | | | | | | |
|-----------------|---------------|----|-----------------|---------------------------|----|-------------------|---------------|----|-----------------|---------------|----|
| 1º ESO A | Todo aprobado | 13 | 2º ESO A | Todo aprobado | 12 | 3º ESO A | Todo aprobado | 12 | 4º ESO A | Todo aprobado | 15 |
| | Pr. Pendent | 11 | | Pr. Pendent | 10 | | Pr. Pendent | 5 | | Pr. Pendent | 10 |
| | Pr. Obrg | 1 | | Pr. Obrg | 1 | | Pr. Obrg | 4 | | Pr. Obrg | 0 |
| | Repite | 3 | | Repite | 2 | | Repite | 1 | | Repite | 5 |
| 1º ESO B | Todo aprobado | 17 | 2º ESO B | Todo aprobado | 15 | 3º ESO B | Todo aprobado | 16 | 4º ESO B | Todo aprobado | 5 |
| | Pr. Pendent | 5 | | Pr. Pendent | 4 | | Pr. Pendent | 5 | | Pr. Pendent | 18 |
| | Pr. Obrg | 1 | | Pr. Obrg | 1 | | Pr. Obrg | 0 | | Repite | 5 |
| | Repite | 6 | | Repite | 3 | | Repite | 1 | 4º ESO C | Todo aprobado | 12 |
| 1º ESO C | Todo aprobado | 11 | 2º ESO C | Todo aprobado | 11 | 3º ESO C | Todo aprobado | 10 | | Pr. Pendent | 15 |
| | Pr. Pendent | 5 | | Pr. Pendent | 9 | | Pr. Pendent | 4 | | Pr. Obrg | 0 |
| | Pr. Obrg | 1 | | Pr. Obrg | 2 | | Pr. Obrg | 0 | | Repite | 3 |
| | Repite | 9 | | Repite | 1 | | Repite | 3 | 4º ESO | Todo aprobado | 32 |
| 1º ESO | Todo aprobado | 41 | | FP básica | 3 | 3º ESO PDC | Todo aprobado | 6 | | Pr. Pendent | 43 |
| | Pr. Pendent | 21 | 2º ESO D | Todo aprobado | 6 | | Pr. Pendent | 0 | | Pr. Obrg | 0 |
| | Pr. Obrg | 3 | | Promociona con Pendientes | 10 | | Pr. Obrg | 0 | | Repite | 15 |
| | Non Prom. | 18 | | Promoción Obligatoria | 5 | | Repite | 1 | | PDC | |
| | | | | Repite | 3 | 3º ESO | Todo aprobado | 44 | | | |
| | | | | FP básica | 5 | | Pr. Pendent | 14 | | | |
| | | | 2º ESO | Todo aprobado | 44 | | Pr. Obrg | 4 | | | |
| | | | | Pr. Pendent | 33 | | Repite | 6 | | | |
| | | | | Pr. Obrg | 9 | | | | | | |
| | | | | Repite | 9 | | | | | | |
| | | | | FP básica | 8 | | | | | | |
| | | | | PDC | 3 | | | | | | |

BACHARELATO:

| | | | | | |
|------------------|---------------|----|------------------|----------------|----|
| 1º BACH A | Todo aprobado | 8 | 2º BACH A | PROMOCIONA | 15 |
| | Pr. Pendent | 10 | | NON PROMOCIONA | 3 |
| | Repite | 15 | 2º BACH B | PROMOCIONA | 17 |
| 1º BACH B | Todo aprobado | 12 | | NON PROMOCIONA | 2 |
| | Pr. Pendent | 5 | 2º BACH C | PROMOCIONA | 15 |
| | Repite | 9 | | NON PROMOCIONA | 4 |
| 1º BACH C | Todo aprobado | 11 | 2º BACH | PROMOCIONA | 47 |

| | | | | | |
|----------------|---------------|----|--|----------------|---|
| | Pr Pendent | 5 | | NON PROMOCIONA | 9 |
| | Repite | 9 | | | |
| 1º BACH | Todo aprobado | 31 | | | |
| | Pr Pendent | 20 | | | |
| | Repite | 33 | | | |

Comenta a Xefa de estudos que 18 dos alumnos matriculados en 1º de ESO deben repetir curso. En 2º de ESO vai haber 9 alumnos que deberían repetir, varios dos cales van pasar a 3º de PDC, e 9 PIL, oito dos cales optaron pola FP Básica.

En terceiro da ESO promocionan 44 alumnos, máis 14 que levan algunha materia pendente, polo que repiten seis alumnos, tres deles no PDC.

En 4º da ESO promocionan con pendentes 43, un número demasiado alto, e 15 repiten curso, moitos noutros centros. No centro hai dous alumnos interesados na posibilidade de repetir so coas materias non aprobadas, pero non está claro en que condicións a alumnado pode ter esta posibilidade. En canto ao Bacharelato, os resultados do 1º curso melloraron grazas á proba extraordinaria, polo que promocionan 51 alumnos. Os resultados de 2º Bach foron moi bos, pois aprobaron 57 alumnos en convocatoria ordinaria e catro máis na extraordinaria. O 100% do alumnado aprobou as ABAU, en moitos casos con moi boas cualificacións.

Pregunta Purificación Casal Seijo en que consiste o PDC. A xefa de estudos explica que é un tipo de adaptación para adecuarse ás necesidades de alumnos con dificultades, para o cal se forman grupos pequenos en materias que se se agrupan en dous ámbitos xerais, o lingüístico e social e o científico matemático, impartidos por sendos profesores.

Intervén o director para comentar o bo funcionamento do PDC, pondo o exemplo do 3º que se impartiu durante o curso 22/23 con excelentes resultados, salvo no caso dun alumno que non superou as materias.

A convivencia mellorou moito durante o terceiro trimestre, especialmente no que se refire aos conflitos en 3º A. Como ven sendo habitual, os problemas se reducen sempre ao mesmo grupo de persoas, ademais moi pouco numeroso.

Fíxose unha comparativa por grupos entre o número de repetidores e alumnos PIL en cada un e a frecuencia de problemas de comportamento. Queda claro que non sempre hai unha coincidencia.

Toma a palabra a vicedirectora, Carmen Rodríguez Roa, para recordar que durante o curso 22/23 se organizou una cantidade inxente de actividades extraescolares e complementarias: participación no CINVigo, na Liga Maker Drone, no Concurso de Vídeos do Colexio de Economistas de Galicia, na Olimpiada Matemática, Kanguro Matemático, Concurso de Novos Poliedros, Olimpiada de Filosofía, numerosas viaxes e saídas, clubs de lectura, de poesía, de filosofía, club de ciencias, revista dixital, etc.

Toma a palabra o director para mostrar o seu agradecemento á implicación do profesorado e para recordar a intensa labor desenvolta para mellorar a convivencia e construír unha atmosfera axeitada ao proceso de ensino /aprendizaxe.

A vicedirectora explica que se está no proceso de abrir o transporte escolar ao Bacharelato, con entre 50 e 60 prazas de ESO sobrantes. Estas prazas vanse otorgar según uns criterios que se apuntaron no sobre de matrícula, primándose a dificultade de acceso tanto ao centro coma a outros medios de transporte.

Sobre este tema, Luís González Rodríguez apunta a necesidade de implementar un plan para insistir durante todo o curso coa adecuación dos horarios do transporte público aos do instituto. Rita Rielo comenta que é un momento complicado, pois se están decidindo os termos da propia concesión. Concepción Pérez lembra que o problema transporte fai que algúns alumnos non cheguen a matricularse no centro e Laura Sánchez engade que se puntualmente algún alumno da ESO non pode coller o transporte escolar, está virtualmente imposibilitado para acudir ao centro.

Joel Covelo opina que para conseguir solucionar este problema hai que ser mediático e que as reunións coa Administración tiveron lugar unha vez que o vídeo sobre o tema saíu nas redes. Lembra que foi con campañas similares como se conseguiron o semáforo e o paso de peóns nas proximidades do centro, polo que haberá que insistir nesta liña.

Sen outros asuntos que tratar, dase por finalizada a sesión ás 11:00.

O director:

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Felisa Tomé Ortega